

PABLO NOGUEIRA

ILUSTRACIONES DE
MANUEL UHIA

Nube Branca

QUERE SER ASTRONAUTA



conto
conto



BAÍA EDIÇÕES

**O libro que estás a punto de ler
foi creado exclusivamente para
axudarche a superar o período de
alerta sanitaria decretado polo
gobierno, no marco da nosa campaña
[#euquedolendo](#)[#baíaconnósnacasa](#)**

**Desde Baía Edicións pedimos e
agradecemos que se respecte a obra
da autoría, que tan xenerosamente
prestou o seu ben máis prezado
para o teu benestar.**

conto*
conto

Nube Branca

QUERE SER ASTRONAUTA

PABLO NOGUEIRA



ILUSTRACIÓNS DE
MANUEL UHÍA


BAÍA EDICIÓNS

1.ª Edición: Maio 2018

© 2018: *Pablo Nogueira* (texto)
Manuel Ubiá (ilustracións)

© 2018: BAÍA EDICIÓNS
Polígono Pocomaco,
2.ª Avenida, Parcela A2 / 52
15190 A Coruña
Tel.: (+34) 981 174 296
Fax: (+34) 981 915 698

www.baiaedicions.gal

Edita: Baía Edicións

Impresión: Norprint. Santo Tirso, Portugal

ISBN: 978-84-9995-284-0

Dep. Legal: C 860-2018


Distribúe: Consorcio Editorial Galego
pedimentos@coegal.com

Reservados todos os dereitos. Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra só pode ser realizada coa autorización dos seus titulares, agás excepción prevista pola lei. Diríxase a CEDRO (*Centro Español de Derechos Reprográficos*) se necesita fotocopiar ou escanear algún fragmento desta obra (www.conlicencia.com; (+34) 91 702 19 70 / (+34) 93 272 04 47).

A india **Nube Branca** vive nunha reserva india.

Na súa tipi, que así se chaman as tendas onde viven as indias e os indios, construíu un foguete espacial con ramas de árbores e pedras que atopou no chan.

Nube Branca quería ser astronauta e viaxar co seu foguete espacial até a Lúa e así, de paso, poder visitar as estrelas que brillan no ceo cando é de noite.



[Como se chama a protagonista?]

Un día, fixo unha cacharela para coller lume e poder prender o seu foguete, pero unha faísca saltoulle ás plumas que levaba na cabeza. Tivo que soprar moi forte para apagar a chama, e desde ese día lembrou que non se podía xogar co lume porque é perigoso.

Nube Branca decatouse de que non podería chegar soa até o espazo, así que decidiu pedir axuda aos seus amigos: a tartaruga Clarisa, o elefante Cacharrante e o camaleón Antón.



[Colle aire polo nariz e sóltao pola boca
ffffffuuuuuuuu, fffffffuuu! como para
apagar unha cacharela]

[Repite os nomes das amigas e os amigos de Nube Branca]

O elefante Cacharrante díxolle a Nube Branca:

– Non te preocupes... collerei a miña trompa xigante e soprarei tan forte que te enviarei ao planeta que máis che guste do sistema solar.



[Respira polo nariz e sopra pola boca, con forza, como se tiveses unha trompa de elefante]

– Xenial, gustaríame ir até Saturno, que é un planeta que ten un anel arredor -contestou riseira Nube Branca. O elefante colleu aire coa súa trompa e soltouno soprando moitísimo ...sssh ...sssh ...sssh!, pero non conseguiu que Nube Branca chegara a Saturno.



O camaleón Antón ofrece tamén a súa axuda, pois tiña unha lingua tan grande e tan longa que pensaba que podería enviar a nena a unha excursión até o planeta Marte, que é o que máis preto está da Terra.

O camaleón moveu a súa lingua cara a un lado e cara ao outro, cara arriba e cara abaixo, arredor da boca. Finalmente meteu a lingua na boca e volveu sacala lanzando a Nube Branca, pero non conseguiu achegala nin un chisquiño até Marte.

[Proba a mover a lingua imitando os movementos do camaleón]

A tartaruga Clarisa dixo que podería levala ao espazo na súa cuncha, pero que camiñaba moi amodo. Camiñaba tan devagariño, **poc, poc** que tardarían moito tempo en chegar a Venus ou a Xúpiter, que era o planeta máis grande de todos cantos había.


Nube Branca púxose triste porque lle parecía moi difícil ser astronauta. O certo é que non quería ir a Mercurio, que era o planeta que estaba máis preto do Sol, porque seguro que ía moita calor, pero si que lle prestaba ir a Urano ou a Neptuno, os planetas que máis lonxe estaban da Terra, pero tardarían moito en chegar a tartaruga e mais ela.



[Movemos os beizos poñendo unha faciana triste e mudándoa en cara de ledicia, de anoxo e de sorpresa. Que cousas nos fan sentir esas emocións?]

[Enredamos coas onomatopeas repetindo o son: poc, poc!]

A Cacharrante ocorrúeselle unha idea:
— Por que non invocamos a choiva para que
veña moita auga? Así poderemos navegar
nunha barca até o espazo.



13

Todos xuntos fixeron unha danza
da choiva cantando:

uca-tuca-puca,...
aca-taca-paca... ica-tica-pica...
oca-toca-poca... eca-teca-peca.

[Repíte algunha parte da danza, pechando
os ollos e sen mirar o libro]

A danza da choiva deu resultado, e ao pouco tempo
comezaron a caer pingas de auga desde o ceo:
ploc, ploc, ploc... e a treboada era tan intensa
que o vento sopraba moi forte cara ao nordés...

Aínda así, a auga que enchoupaba o poboado non
era suficiente para navegar polo mar e chegar
até as estrelas.

ffffff, ffffff, ffffff!



— Xa sei!, -dixo desta volta o camaleón Antón-. E se lle pedimos emprestada a moto a un león que coñeza? Seguro que na moto poderemos chegar polo menos até Marte.

Entón, foron visitar ao León Ramón, que lles emprestou a súa moto para que puidesen viaxar nela. Os catro montaron na motocicleta e acendérona:

rrrrrrrrrrummmm,rrrrrrrrrrrrrrrrrrrrummmmm,rrrr
rrrrrrrrrrrrummm!!!!,

pero ao pouco de arrincar tiveron que deterse, porque picaron unha roda.




[Despois da viaxe en moto imos relaxarnos: collemos aire como cando inflamamos unha roda e soltámolo como ao desinflala]

Os amigos xa non sabían que facer para axudaren a cumprir o soño de Nube Branca. A Clarisa ocorréuselle outra idea: pedir consello a un sabio que habitaba no lugar no que vivían. Ben seguro que podería darlles unha solución para arranxaren tal problema.

O sabio Octavio, que así se chamaba, abriu moito as súas orellas para escoitar o que tiñan que dicirle os catro amigos... e pensou que talvez podería tomar unha decisión para solventar a cuestión.

Octavio era un indio ao que lle gustaba moito a arte, así que chamou a un pintor que pintaba uns fermosos cadros.



Nube Branca, Clarisa, Cacharrante e Antón ficaron pensativos... non entendían demasiado ben o que pretendía Octavio, quen lles dixo que o pintor debuxaría e colorearía un cadro moi fermoso, sobre un lenzo cunha morea de cores.

— Que pintaría no cadro? -preguntaron todos á vez.
Octavio pediulles que tiveran paciencia para agardaren a ver o espectacular resultado.

E así foi como o artista pintou un marabilloso cadro con todos os planetas do sistema solar. Dese xeito, Nube Branca foi quen de contemplar de ben preto os planetas que tanto desexaba coñecer... e así, cumpriu o seu soño de ser astronauta.



#euquedolendo

#baíaconnósnacasa